



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

CONVENIO DE COLABORACIÓN

PARTES CONVENIADAS:	CONCELLO DE BOIMORTO e o CLUBE DE FÚTBOL DE BOIMORTO
OBXECTO:	SUBVENCIÓN NOMINATIVA - FINALIDADE: Sufragar gastos de funcionamento e mantemento da C.1
TEMPADA:	2023/2024
IMPORTE:	9.000,00

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto, en data de 11.09.2024, **REUNIDOS:**

- D^a M^a Jesús Novo Gómez, Alcaldesa do Concello de Boimorto con DNI nº 44814623C
- D. Luis Verea Vázquez, representante do Club de fútbol de Boimorto con DNI nº 33229955-S.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas e **MANIFESTAN:**

PRIMEIRO.- Que o Clube de Fútbol de Boimorto con CIF G-15125768, participa nas competicións marcadas polo calendario oficial, nas últimas tempadas o clube veuse afectado de forma importante por unha diminución de ingresos e polo tanto da súa economía, non así os custes fixos de mantemento e funcionamento da entidade, os cales como é obvio non só se mantiveron senón que se incrementaron. Respecto deste clube, hai que considerar que se trata dunha entidade histórica da vila que promove o deporte no Concello de Boimorto e oferta no ámbito rural alternativas de ocio e tempo libre entre a poboación e especialmente entre a xuventude xerando estilos de vida saudables coa práctica deportiva. Da visibilidade provincial e incluso autonómica ao concello, chegando a ser incluso reactivador da actividade económica do mesmo.

SEGUNDO.- Que o Concello de Boimorto é competente para a colaboración prevista neste convenio, de conformidade co artigo 25.2 l) da Lei de Bases de Réxime Local 7/85, de 2 de abril, no que se dispón que o Concello ten competencia para promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre e que o fomento e apoio a este Clube entra dentro do exercicio de ditas competencias propias municipais.

Dado o interese coincidente de ambas partes, **ACORDAN** formalizar o presente convenio de colaboración conforme a as seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO.-

O presente convenio ten por obxecto, neste tempos tan difíciles no eido deportivo, establecer as bases de colaboración entre o Concello de Boimorto e o Clube de fútbol de Boimorto para apoiar e subvencionar os gastos básicos de funcionamento e mantemento que se concretan a continuación deste último durante o período que de seguido se indica e que coincide coa tempada que figura no encabezado do presente convenio.

Período: 1 de xullo de 2023 ata 30 de xuño de 2024

Os anteditos gastos obxecto de subvención serán concretamente os seguintes:



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

GASTOS BÁSICOS E DIRECTOS DE FUNCIONAMENTO	
1	Seguro R.C.
2	Mutualidade Equipo
3	Mutualidade Plantilla
4	Dereitos Federativos Equipo
5	Gastos Arbitraxes
6	Gastos bocadillos partidos
7	Gastos material deportivo
8	Gastos servizos médicos
9	Gastos botiquín/farmacia
10	Gastos tarxetas
11	Gastos material de oficina

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA.-

O Club de fútbol de Boimorto sen ánimo de lucro levará a cabo o seu funcionamento ordinario conforme co seguinte orzamento para a tempada en cuestión: (Aos efectos de acreditar o disposto no art.19.3 da Lei Xeral de subvencións)

ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS/INGRESOS TEMPADA 2023/2024

INGRESOS	PPTO.2023/2024 01/07/2023-30/06/2024
PRIVADOS	37.300,00 €
INGRESOS CUOTAS SOCIOS	14.200,00 €
INGRESOS SOCIOS COLABORADORES	16.000,00 €
INGRESOS TAQUILLA	850,00 €
INGRESOS RIFAS	3.100,00 €
INGRESOS CANTINA	3.150,00 €
PUBLICOS	12.000,00 €
DEPUTACIÓN DA CORUÑA	3.000,00 €
CONCELLO DE BOIMORTO	9.000,00 €
TOTAL INGRESOS	49.300,00 €

GASTOS	PPTO.2023/2024 01/07/2023-30/06/2024
ORDINARIOS	49.300,00 €
COMPRA SUMINISTROS	3.500,00 €
COMPRA UTILLAJE	100,00 €
SEGURO RC	0,00 €
CUOTAS MUTUALIDAD EQUIPO	250,00 €
CUOTAS MUTUALIDAD LICENCIAS	4.200,00 €
DERECHOS FEDERATIVOS EQUIPO	500,00 €
GASTOS ARBITRAJES	3.475,00 €
GASTOS TARJETAS	375,00 €
GASTOS MATERIAL DEPORTIVO	800,00 €
GASTOS BOCADILLOS PARTIDOS	1.750,00 €
GASTOS DESPLAZ.PARTIDOS	600,00 €
GASTOS MÉDICOS	1.000,00 €
GASTOS BOTIQUIN/FARMACIA	100,00 €
GASTOS PLANTILLA	30.000,00 €
GASTOS MAT.OFICINA/IMPRESA	50,00 €
GASTOS EVENTOS	2.100,00 €
OTROS GASTOS	500,00 €
TOTAL GASTOS	49.300,00 €

III.- FINANCIAMENTO MUNICIPAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.-

1. O Concello contribuirá ao financiamento da actividade, cunha achega máxima. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula primeira en conexión coa segunda, o Concello só aportará o importe que represente a porcentaxe xa indicada respecto da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata conseguir o importe total do presuposto da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos).



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Achega máxima: 9.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 72,00 % respecto do gasto total do obxecto de subvención (12.500,00).

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ó 75 por cento da contía máxima da subvención, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e se perderá o dereito ó seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

340.480.00 - Deportes a familias e institucións sen ánimo lucro.

4. A subvención do Concello é compatible coa percepción de outras subvenciones ou axudas, públicas ou privadas, para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto da actividade obxecto de subvención e efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe total do gasto da actividade obxecto de subvención e efectivamente xustificado, minorarase a achega municipal no importe necesario para darlle estrito cumprimento ó apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.-

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle a entidade beneficiaria da subvención.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a entidade beneficiaria da subvención, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 de la Lei 38/2003, del 17 de novembro, Xeneral de Subvenciones.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros (Sen IVE), con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria da subvención deberá solicitar polo menos tres presupostos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria da subvención tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle ao Concello un exemplar do proxecto modificado.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO MUNICIPAL.-

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento do Concello.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obrigación.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA MUNICIPAL.-

A achega do Concello seralle aboada a entidade beneficiaria da subvención unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.- Memoria de actuación final, subscrita polo representante legal. Xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago.

- Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto.
- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada polo Concello.

3.- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- Certificación da conta bancaria.

6.- Proba do cumprimento das obrigacións asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento municipal.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.-

1. As actividades que son obxecto de financiamento municipal son as descritas na cláusula primeira do presente convenio.
2. Unha vez finalizadas as actividades, a entidade beneficiaria da subvención deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes da seguinte data:

30 de novembro de 2024 (incluído).

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de Subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se recibiu xustificación algunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a entidade beneficiaria da subvención para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Club da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de Subvencións poida corresponderlle.

4. O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria da subvención na documentación achegada.

E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria da subvención terá dereito ao abono dos intereses de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.-

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña co Concello de Boimorto e coa Seguridade Social.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando ó Concello para que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias co Concello será determinada por este de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.-

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

Só excepcionalmente poderase realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria da subvención deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos ós gastos xustificados e ós ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.-

1. A realización dun control financeiro sobre a subvención paga, ten como finalidade acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria da subvención queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.-

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos intereses de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

XII.- INCORPORACIÓN Ó REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.-

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións, e demais



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Club de fútbol de Boimorto serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de subvencións, a concesión da subvención ao Club de fútbol de Boimorto será publicada.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.-

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo aos efectos de imputación dos gastos e abarcará os devengados dende o período que se indica a continuación, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á devandita data e fora do período citado, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente. A vixencia do convenio é a que se indica a continuación.

PERÍODO: 1 de xullo de 2023 ata 30 de xuño de 2024

VIXENCIA DO CONVENIO: Dende a data da súa sinatura ata 31.12.2024.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria da subvención non poida ter presentada a xustificación antes do día límite sinalado, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que o Concello poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado.

Acreditada esta circunstancia, o Concello poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de decembro do ano en curso. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada en dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e despois dos informes pertinentes de Secretaría Intervención, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.-

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, Xeneral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á Alcaldía, logo dos informes previos preceptivos de Secretaria Intervención

3. Corresponderanlles ós órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir a consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno do Concello de Boimorto.

E en proba de conformidade, asinan un exemplar cuadruplicado do presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

A Alcaldía,	Representante da Entidade Beneficiaria,
Asdo.- M ^a Jesús Novo Gómez.	Asdo.- Luis Verea Vázquez